



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### EXPEDIENTE 398/2024.-

### LISTA DE ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE PRAZAS DE LIMPADOR/A. NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E CALENDARIO DAS PROBAS.-

Por decreto desta Alcaldía nº 2024-0213, de data 3/04/2024, aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de reserva para as contratacións temporais de prazas de limpador/a, outorgando un prazo de 10 días hábiles para presentar as solicitudes de participación por parte das persoas interesadas, que se contarán dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO nº 77, de data 19 de abril de 2024).

Finalizado o prazo fixado para presentar solicitudes (6/05/2024), de acordo co establecido na base sexta deste proceso selectivo, e de conformidade coas atribucións que me confire a normativa vixente de réxime local.

Por non existir persoas excluídas procédeuse a aprobar con carácter definitivo a lista de admitidos.

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Declarar aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos que se relaciona a continuación, con especificación dos motivos da exclusión.

### Aspirantes admitidos:

	APELIDOS E NOME	DNI	DATA DE PRESENTACIÓN
1	BEGOÑA MARTÍNEZ GARCÍA	**9997****	20/03/2024
2	LORENA DOMÍNGUEZ MÍGUEZ	**1767****	21/03/2024
3	MARGARIDA MÍGUEZ MARTÍNEZ	**1787****	25/03/2024
4	MIGUEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	**1864****	30/04/2024

### Aspirantes excluídos:

NINGÚN.

**SEGUNDO.-** Nomear como membros do tribunal para o procedemento de selección, de conformidade co establecido na base 7º das bases aprobadas, trasladando esta resolución





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

aos/ás componseñtes do tribunal cualificador a:

- 1.- Presidente: José Antonio Lorenzo Pérez, funcionario do Concello de Pazos de Borbén.  
Suplente: María del Rosario González Sánchez, funcionaria do Concello de Fornelos de Montes.
- 2.- Secretario: David Rial Sobrino, persoal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén.  
Suplente: Silvia Suárez Martínez, funcionaria do Concello de Soutomaioir.
- 3.- Vocal: Roberto Carlos Costa Tellado, encargado da brigada de obras e servizos do Concello de Pazos de Borbén.  
Suplente: Raquel Villaverde Acuña, funcionaria do Concello de Soutomaioir.
- 4.- Vocal: José Manuel Soto Virulegio, funcionario do Concello de Pazos de Borbén.  
Suplente: Pilar Fernández Alonso, funcionaria do Concello de Pazos de Borbén.
- 5.- Vocal: María Luz Divina Otero Camiña, persoal laboral fixo do Concello de Pazos de Borbén.  
Suplente: Vanesa Boullosa Peralba, funcionaria do Concello de Fornelos de Montes.

O tribunal cualificador nomeado constituirase o día 11 de xuño de 2024, ás 9:00 horas, na Secretaría da casa do concello de Pazos de Borbén.

**TERCEIRO.- CALENDARIO DAS PROBAS E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES:**

Lugar, data e hora do comezo das probas:

Primeiro exercicio: (obrigatorio e eliminatorio de carácter teórico) (max 10 puntos).  
Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria durante un período determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización do exercicio Este exercicio cualificarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima, así coma se as preguntas erradas restan ou non.

Lugar: Salón de actos do Concello de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº 52  
Día: 7 de xuño de 2024  
Hora 11:00 horas

Segundo exercicio: (obrigatorio e eliminatorio de carácter práctico)(max 20 puntos)  
Consistirá na realización dunha ou varias probas de execución practica ou teórica acordadas coas funcións do posto que proporá o Tribunal, no prazo establecido por este en función da natureza da proba. O tribunal poderá formular preguntas aos aspirantes sobre aspectos da proba efectuada. Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non superen a puntuación mínima de 10 puntos.





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

Lugar: Colexio Público Curros Enríquez de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº 25

Día: 12 de xuño de 2024

Hora 16:00 horas

Terceiro exercicio: (obrigatorio e non eliminatorio)(max 1 punto).

Rematado o exercicio teórico e na mesma sesión, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do mesmo e que puntuarase de 0 a 1, sendo este exercicio de carácter obrigatorio pero non eliminatorio.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 16 de xullo de 2007, e a Orde do 10 de febreiro de 2014 que modifica a anterior polas pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, aos que se lles asignarán 1 punto.

Lugar: Colexio Público Curros Enríquez de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº 25

Día: 12 de xuño de 2024

Hora 17:30 horas

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

**CUARTO.-** Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org) e na sede electrónica, para público coñecemento.

En Pazos de Borbén, mándao e asíno o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

